



**Resolución do 21 de setembro de 2020 pola que se suspende o prazo de presentación de solicitudes de axudas convocadas por Resolución do 3 de agosto de 2020 para proxectos de enerxía solar fotovoltaica para as anualidades 2020-2021, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa operativo Feder-Galicia 2014-2020,(código de procedemento IN421S).**

O luns, 21 de setembro de 2020, detectouse unha incidencia técnica na aplicación informática da convocatoria de axudas para proxectos de enerxía solar fotovoltaica, cofinanciada con fondos FEDER.

Debido a que non se puido garantir o principio de igualdade de trato nin a seguridade xurídica, procedeuse á suspensión do prazo de presentación de solicitudes de axudas.

Solucionado o problema, o prazo de presentación de axudas, volverase a abrir o vindeiro mércores, 23 de setembro 2020, ás 9:00 horas.

Para dar cumprimento ó disposto no artigo 40 da Lei, 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, esta resolución notificarase ós interesados cuxos dereitos ou intereses queden afectados, por medios electrónicos.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O director do Inega

Ángel Bernardo Tahoces

